



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

Nota de Prensa, 29/06/2023

A séptima edición do WOS Festival x SON Estrella Galicia celebrarase do 14 ao 17 de setembro

Santiago de Compostela acollerá catro días de música, cinema, conferencias e cultura dixital en espazos emblemáticos da cidade

O festival activa hoxe mesmo, a través de www.wosfestival.es, a venda dos primeiros abonos a un prezo especial

Santiago, 29 de xuño de 2023.- O WOS Festival x SON Estrella Galicia regresará a Santiago de Compostela o 14 ao 17 de setembro. A séptima edición do evento, referente na cultura de vanguarda a nivel estatal, ofrecerá catro días de música, cinema, conferencias e cultura dixital en emblemáticos espazos dunha cidade que é Patrimonio Cultural da Humanidade.

WOS Festival x SON Estrella Galicia é un encontro multidisciplinar anual con sede en Santiago de Compostela dedicado a promover e fomentar a música e a cultura de vanguarda con concertos e actividades en diferentes espazos de alto valor patrimonial da cidade. Impulsado pola produtora compostelá WORK ON SUNDAY, o festival recibiu ao longo dos anos varios galardóns que o acreditan como un dos mellores festivais 'indoors' de España e Europa, coma nos Iberian Festival Awards (2022) ou European Festival Awards (2018).

Deste este xoves 29 de xuño, ás 12:00 horas, están á venda a través da páxina web oficial www.wosfestival.es un número limitado de abonos de 4 días (xoves a domingo) ao prezo reducido de 55 euros, que ofrece ao público un desconto de 10 euros respecto ao abono de prezo normal. Estes abonos de 4 días darán acceso ao programa completo do festival o xoves 14, venres 15, o sábado 16 e o domingo 17 de setembro. Desde hoxe mesmo tamén é posible adquirir os abonos de 3 días a un prezo de 45 euros, cun desconto de 10 euros con respecto ao prezo oficial, e que darán acceso ao programa completo do evento, venres 15, sábado 16 e domingo 17.

WOS, que dará a coñecer os primeiros nomes do seu cartel no mes de xullo, conta con SON Estrella Galicia como patrocinador principal, ademais do apoio de institucións como Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia e AGADIC, Concello de Santiago de Compostela e Deputación Provincial da Coruña.

Contacto de prensa WOS Festival x SON Estrella Galicia
Luisa Castiñeira (629 113 155) e Lucía Pita (675 404 321) | prensa@theofficeco.es

Accede á [sala de prensa](#) de WOS Festival x SON Estrella Galicia